

a auga na cultura galega

a auga que da vida

A auga é o sangue da terra, nútrea e fai renacer a vida. Sen ela todo murcha e morre. Desde moi antigo o ser humano empregou a auga dos ríos para múltiples finalidades e ás veces, viuse na necesidade de retela e encamiñala con distintos enxeños, na que pedra é, en xeral, a protagonista.




Un dos principais aproveitamentos da auga dos ríos é as regas para a agricultura. Tradicionalmente, mediante a construción de caneiros, tostas, presas, preseiras ou guiares xebíbase parte da corrente que era conducida por canles, para regar herbeiros e outros cultivos. Estas levadas, case sempre comunais, empregaban un sistema de roldas ou veceiras nas que os veciños do lugar, aldea ou parroquia se beneficiaban por igual das correntes de auga. Tamén se construían canles para levar auga aos enxeños hidráulicos (muíños, batáns, ferrerías, serradorios, fábricas de papel ou de luz...) ou a puntos onde era almacenada.

CANTIGA

Déixame que vou de presa
coa auga de regar,
auga de moitos regueiros
é moi mala de xuntar.

...Cando baixa do ceo ven ó mundo a legría
e brilan os penedos e reloce a campía
e cóbrense de follas carballos e silveiras
e surden as erbiñas á beira dos camiños.
verdexan os liñares, frorecen as roseiras
e cantan os muíños!
Agoiña milagreira (Ramón Cabanillas)



Son numerosos os caneiros que nos ofrecen fermosos paraxes naturais, de augas calmas, ou con rápidos,

Nora no río Neira.
As noras son rodas que elevan a auga dun río para conducila a unha canle.



As levadas son desviacións dunha parte do caudal dun río ou regueiro.

Levada do Gorgullón ou das Achas. Percorre máis de 20 km desde A Cañiza ata preto de Arbo.



Os acueductos constrúense para conducir a auga salvando desniveis.



Airela (O Incio)



Mosteiro de Samos



Mirón (Pontecaldelas)



Frendoal (Cangas)